

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR PARA A CONFECCIÓN DE LISTAS DE EDUCADORAS/ES SOCIAIS PERITAS/OS XUDICIAIS

### PREÁMBULO

A Lei de Axuizamento Civil ordena aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional civil que soliciten aos Colexios Profesionais no mes de xaneiro de cada ano o envío dunha lista de colexiadas/os dispostas/os a actuar como peritas/os xudiciais.

Co propósito de ordenar a confección das listas de peritaxe xudicial e de asegurar a mellor prestación do servizo requirido á/ao Educadora ou Educador Social que resulte designada/o para emitir ditame polos Xulgados ou Tribunais, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia decidiu promulgar este Regulamento de réxime interior.

### TÍTULO PRELIMINAR OBJECTO DO REGULAMENTO

1. *Finalidade.*- Este Regulamento ten por obxecto ditar as normas para a elaboración das listas de Educadoras/es Sociais peritas/os xudiciais.

### TÍTULO PRIMEIRO INSCRICIÓN NAS LISTAS DE PERITAXE XUDICIAL

2. *Dereito á inscrición.*- As/os Educadoras/es Sociais colexiadas/os poderán inscribirse nas listas de peritas/os xudiciais que formulará o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para a súa remisión aos Xulgados e Tribunais, ou para as listas de peritas/os de parte que se enviarán a entidades ou particulares que o soliciten para a contratación dos seus servizos.

3. *Procedemento.*- O Ceesg establecerá un prazo durante o cal as/os Educadoras/es Sociais interesadas/os deberán formular solicitude de inclusión nas listas de peritaxe xudicial. Farase unha soa solicitude na que se indicarán as provincias nas que está disposta/o a actuar, de acordo co Anexo I deste regulamento. A solicitude presentarse por correo electrónico ou fax. O Ceesg resolverá a solicitude, notificándoo á/ao interesada/o.

4. *Vixencia.*- As listas teñen vixencia durante un ano. As persoas que xa estivesen incluídas, deben solicitar de novo cada ano a inclusión na lista, de querer continuar.

### TÍTULO SEGUNDO REMISIÓN DAS LISTAS A XULGADOS E TRIBUNAIS

5. *Remisión a Xulgados e Tribunais.*- O Ceesg poñerá en coñecemento de todos os órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia as listas de Educadoras/es Sociais peritas/os xudiciais.

O listado cos datos das Educadoras/es sociais dispostas/os a actuar como peritas/os facilitaranse a todas as persoas que contacten co colexio e que necesiten dos seus servizos profesionais.

Tamén se poderán enviar a outras entidades coa finalidade da súa difusión nos ámbitos nos que poida necesitarse da súa actuación (por exemplo, Colexios de Avogacía de Galicia) As persoas que soliciten a integración nas listaxes consenten a cesión dos seus datos a estas entidades e persoas.

### TÍTULO TERCEIRO OBRIGAS DAS/OS EDUCADORAS/ES SOCIAIS PERITAS/OS XUDICIAIS

6. *Principio xeral.*- A/O Educadora ou Educador Social que sexa designada/o como perita/o xudicial deberá actuar coa maior obxectividade posible e terá en conta tanto o que poida favorecer como o que sexa susceptible de causar prexuízo a calquera das partes. Axustará así mesmo a súa actuación ás esixencias da ética e dignidade profesional, actuando sempre dentro das normas do noso Código Deontolóxico, co respecto debido aos dereitos das partes e ao interese xeral. Deberá cumprir fielmente os deberes que lle impón a Lei de Axuizamento Civil e o resto das normas aplicables.

7. *Aceptación e desempeño da peritaxe.*- Antes de prestar a súa aceptación, a Educadora ou Educador Social deberá comprobar se a súa experiencia comprende os coñecementos necesarios para valorar os feitos ou circunstancias relevantes do asunto para o que foi designada/o ou para adquirir certeza sobre eles.

O cargo de perita/o xudicial debe desempeñarse persoalmente, sen prexuízo das colaboracións que poida solicitar a Educadora ou Educador Social e que, no seu

caso, sexan autorizadas polo Xulgado ou Tribunal competente.

A Educadora ou Educador Social perita/o xudicial deberá emitir o seu ditame por escrito no prazo máis breve posible, sempre dentro do que lle fose fixado polo órgano xudicial.

**8. Obrigas colexiais das/os Educadoras/es Sociais designadas/os e nomeadas/os peritas/os xudiciais.-** As/Os Educadoras/es Sociais inscritas/os nas listas de peritaxe xudicial deberán comunicar por escrito ao Ceesg cada unha das designacións realizadas ao seu favor polos Xulgados e Tribunais e a aceptación ou o rexeitamento do nomeamento. A comunicación comprenderá o órgano xudicial, o asunto de que se trate, así como a causa de rexeitamento do nomeamento, no seu caso.

## **TÍTULO CUARTO RÉXIME DISCIPLINARIO**

**9. Réxime disciplinario.-** O réxime disciplinario das/os Educadoras/es Sociais que actúen como peritas/os xudiciais regularase polo previsto no capítulo XI dos Estatutos do Ceesg e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Disposición final. Entrada en vigor.-** O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte á súa aprobación.

Ceesg

9 de decembro de 2019

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS LISTAS DE PERITAXE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, Colexiada/o do Ceesg  
n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_,

SOLICITO me inclúan nas listas de peritaxe xudicial do ano \_\_\_\_\_.

Comprométome a cumprir as normas establecidas polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, que declaro coñecer, e autorizo a que os meus datos persoais sexan incluídos na base de datos remitida:

- ás autoridades xudiciais das provincias de:
  - A Coruña  Lugo  Ourense  Pontevedra
- a entidades ou particulares que soliciten datos de profesionais dispostas/os a actuar como peritas/os de parte nas provincias de:
  - A Coruña  Lugo  Ourense  Pontevedra

#### Datos a incluír na listaxe:

Domicilio: \_\_\_\_\_

Poboación: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ Móbil: \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

A/O asinante confirma que ten lido e acepta o tratamento dos datos nos termos reflexados ao final deste documento. Esta confirmación é obrigatoria para poder realizar o trámite.